



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación do **Proxecto de “Mellora do parque infantil da praza dos voluntarios”, no Concello de Laxe**

Expte. Admvo. Núm. 2023/C003/000009

Expte. Decreto Núm. 2023/G003/000622

Vista a concesión da subvención por parte da dirección Xeral de Administración Local, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a realización do proxecto de “Mellora do parque infantil da praza dos voluntarios”, no Concello de Laxe, ao abeiro da Orde do 29/12/2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2023, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A).

Visto o proxecto técnico para a execución das citadas obras denominado **Proxecto de mellora do parque infantil da Praza dos Voluntarios, no Concello de Laxe**, redactado polo técnico municipal D. Jesús Manuel Mallo Puga, adscrito á empresa ATOMO ESTUDIO TÉCNICO como empresa que realiza a Asistencia Técnica no Concello de Laxe, (segundo Resolución da Alcaldía núm. 926/2019, de data 11/12/2019), en febreiro de 2023, por un valor estimado de 50.869,23 euros, con 10.682,54 euros de IVE, facendo un importe total de 61.551,77 euros.

Visto o informe técnico municipal de D. Jesús Manuel Mallo Puga, adscrito á empresa Átomo Estudio Técnico como empresa que realiza a Asistencia Técnica no Concello de Laxe, (segundo Resolución da Alcaldía núm. 926/2019, de data 11/12/2019), de data 10/02/2023 en relación ao citado proxecto no que se conclúe que a actuación prevista cumpre coa lexislación urbanística e de protección do medio rural, así como o do planeamento municipal en vigor e sectorial, así como o planeamento en vigor e para a que non se observan afeccións sectoriais para as que sexa preciso acadar autorización previa as obras. E así mesmo, informa que este investimento pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas pola LBRL, e demais lexislación aplicable,

RESOLVE:

Primeiro: Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto de “Mellora do parque infantil da praza dos voluntarios”, no Concello de Laxe, de acordo co informe emitido polo redactor do proxecto con data do 10/02/2023 no que xustifica esta decisión de non dividir o obxecto do proxecto en lotes en que, este investimento pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	“Mellora do parque infantil da praza dos voluntarios”, no Concello de Laxe
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	61.551,77 €

Segundo: Aprobar o proxecto da obra denominado **Proxecto de mellora do parque infantil da Praza dos Voluntarios, no Concello de Laxe**, redactado polo técnico municipal D. Jesús Manuel Mallo Puga, adscrito á empresa ATOMO ESTUDIO TÉCNICO como empresa que realiza a Asistencia Técnica no Concello de Laxe, (segundo Resolución da Alcaldía núm. 926/2019, de data 11/12/2019), en febreiro de 2023, por un valor estimado de 50.869,23 euros, con 10.682,54 euros de IVE, facendo un importe total de 61.551,77 euros.

Terceiro: Que se proceda ao replanteo do proxecto, incorporándose o proxecto ao expediente de contratación, de conformidade co disposto no artigo 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Que se proceda á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste concello.

Quinto: Emitir certificación deste acordo e dar conta ao Pleno municipal na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asínao, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretario-interventor acumulado dou fe.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

O alcalde
Asdo. José Luís Pérez Añón

O secretario-interventor acumulado
Asdo. Francisco Javier Novoa Juiz